

Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Sabía que para aliviar a dor de moas...

- ▶ Despois da ducha hai que secar primeiro de todo as mans e logo a cabeza e o resto do corpo. Déronllo como solución a un meu amigo hai 14 anos en Burgos, e funcionoulle. E veu vivir a Lugo, e contouno; e díxolle unha muller: Ai, ho, en Cospeito xa o faciamos hai moitos anos, e sempre funcionou. [Contado por Suso Barral, de Lugo]
- ▶ Hai que facer un parche con molo de pan e vinagre e poñelo sobre a zona inchada da cara.
- ▶ Hai que machacar ortigas, envolvelas nun pano e poñelas na zona inchada da cara.
- ▶ O mellor, mentres non che dan hora no profesional especialista, é curtar unha rodaxa de limón e colacala encima de moa doente, ou entre a moa e o carrillo, dependendo da situación da citada peza dentaria. O alivio é inmediato. [María José Ortiz Gómez, Rábade (Lugo)]

